



OS **LEMBRA** PESCA

DO ISSGA

EQUIPOS DE TRABALLO



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)


issga.xunta.gal

AUTORÍA:

Persoal técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga):

José Antonio Rodríguez Arribe, Diego Castro Balboa e Pablo García
Fernández

Santiago de Compostela, 2026



© ISSGA. Xunta de Galicia

Equipos de Traballo

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace: issga.xunta.gal

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

OS **LEMBRA** PESCA
DO ISSGA

EQUIPOS DE TRABAJO



Índice

Páxinas

EQUIPOS DE TRABAJO

PRINCIPAIS EQUIPOS INSTALADOS

A bordo dos buques de pesca 1	1
A bordo dos buques de pesca 2	2
A bordo dos buques de pesca 3	3
A bordo dos buques de pesca 4	4
A bordo dos buques de pesca 5	5

REQUISITOS COMÚNS DE SEGURIDADE

Órganos de accionamento	6
Sistemas hidráulicos e pneumáticos	7
Elementos móbiles de transmisión	8
Risco eléctrico	9

OBRIGAS

Do empresario	10
Do traballador	11

NORMATIVA

12

LEXISLACIÓN

13

Principais equipos instalados

A BORDO DOS BUQUES DE PESCA 1




HALADOR DE PRATOS



HALADOR DE CABIRÓN CÓNICO



MOLINETE (2 CABIRÓNS)



CARRETEL ESTIBADOR

Principais equipos instalados

A BORDO DOS BUQUES DE PESCA 2



TAMBOR DE REDE



MALLETEIRO



PASTECA



PORTA DE ARRASTRE

Principais equipos instalados

A BORDO DOS BUQUES DE PESCA 3



REDES



GRILLÓNS



CABOS



GANCHOS

Principais equipos instalados

A BORDO DOS BUQUES DE PESCA 4



CORNAMUSA



MOTOR



ESMERIL



TRADE VERTICAL

Principais equipos instalados

A BORDO DOS BUQUES DE PESCA 5



GUINDASTRE



COMPRESORES



LANZADEIRA DE PALANGRE



CARRETEL DE PALANGRE

Requisitos comúns de seguridade 1:

ÓRGANOS DE ACONDICIONAMENTO

➔ DEFINICIÓN

Son aqueles elementos sobre os que actúa o usuario para lle comunicar as ordes a un equipo de traballo (posta en marcha, parada, parada de emerxencia, rearmamento...), modificar os seus parámetros de funcionamento, seleccionar modos de mando ou recibir informacións. Poden ser pulsadores, pancas, pedais, selectores, volantes, teclados, pantallas etc.

➔ IDENTIFICACIÓN

Deberán estar claramente identificados mediante o emprego de cores e pictogramas normalizados (UNE-EN 60204-1:2019)



● POSTA EN MARCHA

Só será posible mediante unha acción voluntaria sobre un órgano de accionamento e sempre que as proteccións (de existiren) estean colocadas e operativas.

● REARMAMENTO

Anula unha orde de parada antes dunha nova posta en marcha.



● PARADA

Permitirá a parada total do equipo en condicións de seguridade e imposibilitará unha posta en marcha intempestiva.

● SELECTOR DE MANDO

Permite elixir entre distintos modos de funcionamento.

● PARADA DE EMERXENCIA (UNE-EN ISO 13850:2016)

En situacións de perigo, parará a máquina nas mellores condicións posibles. Será prioritaria sobre os outros órganos de accionamento e será facilmente accesible desde o posto de mando. O seu rearmamento non provocará un novo arranque da máquina. Adoita ter forma de seta vermella sobre fondo amarelo. A parada de emerxencia non se pode considerar substitutiva das medidas de protección necesarias de cada equipo.

Requisitos comúns de seguridade 2:

SISTEMAS HIDRÁULICOS E PNEUMÁTICOS

DEFINICIÓN

Sistema que emprega as propiedades mecánicas dos fluídos para conseguir un determinado movemento no equipo de traballo. Está composto por acumuladores, tubaxes, válvulas, bombas, etc., e pode ter asociados circuitos eléctricos.



MEDIDAS PREVENTIVAS

PARTES MÓBILES

Os elementos con risco de desprazamento por gravidade deberán ter topes, válvulas ou dispositivos de encravamento que eviten a súa caída.

Os elementos con inercia deberán protexerse contra atrapamentos e proxeccións ata a súa parada completa.

DEPÓSITOS

Verificarase que o nivel de líquido hidráulico é o establecido polo fabricante do equipo e que se substitúe coa periodicidade fixada no manual de instrucións.

LIÑAS, CONDUCCIÓN E TUBAXES

Deberán estar protexidas contra rozaduras e golpes para evitar a súa rotura e a emisión de chorros de fluído a presión.

Os circuitos deberán estar claramente identificados.

Pódese instalar un cable de seguridade para evitar lategazos en caso de rotura.



Requisitos comúns de seguridade 3:

ELEMENTOS MÓBILES DE TRANSMISIÓN

➡ DEFINICIÓN

Os elementos móbiles de transmisión (eixes, árbores, poleas, roletes, engrenaxes etc.) son aquelas partes integrantes dos equipos que transmiten os movementos a partir dunha fonte de enerxía.

RISCOS PRINCIPAIS

Proxección de fragmentos
ou partículas

Atrapamento de
partes do corpo ou
vestimenta en elemen-
tos móbiles
desprotexidos

➡ MEDIDAS PREVENTIVAS


As poleas, as correas de transmisión ou os eixes de xiro, que poidan provocar riscos de accidente por contacto mecánico e atrapamento, deberán ir equipados con proteccións fixas ou dispositivos que impidan o acceso ás zonas perigosas.

Estas proteccións e dispositivos deberán ser de fabricación sólida e resistente, non provocarán riscos suplementarios e non será fácil poñelos fóra de servizo.



Requisitos comúns de seguridade 4:

RISCO ELÉCTRICO



PROTEXE a instalación con interruptores magnetotérmicos e diferenciais

SINALIZA o risco eléctrico nos cadros eléctricos e equipos segundo o RD 485/1997

A auga salgada é moi boa condutora da electricidade. NON manipules equipos coas MANS MOLLADAS

As reparacións na instalación de equipos eléctricos só as pode realizar PERSOAL especializado e sen tensión

Todos os equipos de traballo deberán posuír CARCASAS ou envoltentes que impidan os contactos eléctricos directos

Asegúrate de que os fíos condutores están en bo estado. NUNCA pode haber CABLES PELADOS

É obrigatorio realizar un MANTEMENTO periódico da instalación eléctrica

As BATERÍAS deben estar colocadas en compartimentos con boa ventilación e cos bornes limpos e engraxados para evitar cortocircuitos

Os contactos eléctricos poden provocar QUEIMADURAS e mesmo PARADA CARDIORRESPIRATORIA

OBRIGAS

➡ OBRIGAS DO EMPRESARIO



- ▶ **MANTEMENTO:** realizar o mantemento dos equipos segundo as especificacións do fabricante.
- ▶ **FORMACIÓN/INFORMACIÓN:** formar e informar os traballadores sobre a correcta utilización dos equipos de traballo.
- ▶ **AUTORIZACIÓN:** verificar que só os traballadores autorizados empregan os equipos.
- ▶ **CONSULTA:** consultar cos traballadores a elección, adaptación etc. dos equipos.
- ▶ **ADECUACIÓN:** adecuar os equipos de traballo aos requisitos establecidos no anexo I do Real decreto 1215/1997.
- ▶ **REVISIÓN:** revisar periodicamente os equipos

OBRIGAS

➡ OBRIGAS DO TRABALLADOR



- ▶ **NON POÑER FÓRA DE USO** as proteccións dos equipos de traballo.
- ▶ Empregar o equipo **SEGUNDO O MANUAL DE INSTRUCCIÓN**S e indicacións do empresario.
- ▶ Empregar só os equipos para cuxo **USO ESTEA AUTORIZADO**.
- ▶ Empregar os **EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL** (EPI) indicados polo fabricante ou os que resulten da avaliación de riscos laborais e planificación preventiva do centro de traballo.
- ▶ **INFORMAR** o empresario de calquera anomalía ou avaría que se detecte nos equipos de traballo.

NORMATIVA

O Real decreto 1215/1997 traspón ao dereito español a Directiva 89/655/CEE, do 30 de novembro de 1989, modificada pola Directiva 95/63/CE e establece, no marco da Lei 31/95 de prevención de riscos laborais, as "disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización dos equipos de traballo empregados polos traballadores no traballo".



UTILIZACIÓN DOS EQUIPOS DE TRABALLO

Calquera actividade referida a un equipo de traballo, tal como a posta en marcha, a detención, o emprego, o transporte, a reparación, a transformación, o mantemento e a conservación, incluída en particular a limpeza.



ZONA PERIGOSA

Calquera zona situada no interior ou arredor dun equipo de traballo na que a presenza dun traballador exposto entraña un risco para a súa seguridade ou para a súa saúde.

EQUIPO DE TRABALLO

Calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo.

TRABALLADOR EXPOSTO

Calquera traballador que se atope total ou parcialmente nunha zona perigosa.

OPERADOR DE EQUIPO

O traballador encargado da utilización dun equipo de traballo.



MÁQUINAS VS EQUIPOS

A normativa de comercialización de máquinas (Real decreto 1644/2008) non é de aplicación a aquelas que están situadas a bordo dos buques de pesca. Non obstante, **no momento en que unha máquina é empregada por un traballador pasa a se converter inmediatamente nun equipo de traballo, e deberá cumprir o establecido na Directiva 89/655 CEE (Real decreto 1215/1997).**

LEXISLACIÓN

Relación non exhaustiva da lexislación aplicable en materia de equipos de traballo e prevención de riscos laborais a bordo dos buques pesqueiros.

Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE do 10/11/1995)

Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención (BOE do 31/01/1997)

Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade no traballo a bordo dos buques de pesca (BOE do 07/08/1997)

Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo (BOE do 07/08/1997)

Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo (BOE do 23/04/1997)

Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual (BOE do 12/06/1997)

Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas (BOE do 11/10/2008)

Real decreto 1032/1999, do 18 de xuño, polo que se determinan as normas de seguridade que deberán cumprir os buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros (BOE do 01/07/1999). Modificada polo Real decreto 1422/2002

Real decreto 543/2007, do 27 de abril, polo que se determinan as normas de seguridade e de prevención da contaminación que deberán cumprir os buques pesqueiros menores de 24 metros de eslora (BOE do 01/06/2007).

Real decreto 701/2016, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos que deben reunir os equipos mariños destinados a ser embarcados nos buques, en aplicación da Directiva 2014/90/UE

Convenio internacional de Torremolinos para a seguridade dos buques pesqueiros (1977/1993)

Real decreto 614/2001, do 8 de xuño, sobre disposicións mínimas para a protección da saúde e seguridade dos traballadores fronte ao risco eléctrico (BOE do 21/06/2001)

